



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º

15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teléfono 981 544 877

patrimonio.cultura@xunta.gal

galicia

EXMO. CONCELLO
MONDOÑEDO (LUGO)
REXISTRO

DATA: 26 OUT 2018
ENTRADA N° 3885
SAIDA N°

DILIXENCIAS INFORMATIVAS VI-LC-036.18

EXPLOTACIÓN DE CANTEIRA QUE AFECTA AO CASTRO DA TRINIDAD (MONDOÑEDO, LUGO), GA27030022 E AO CAMIÑO DE SANTIAGO NORTE (RUTA DA COSTA)

Con motivo de dilixencias informativas abertas por explotación de canteira no lugar de Vilamor, no termo municipal de Mondoñedo, realizada visita de inspección á zona, observouse que a explotación da que ao parecer é titular actual a entidade mercantil **Canteras Santa Cecilia, SL**, [REDACTED], con enderezo aos efectos de notificación en [REDACTED] – Foz, ocupa terreos do **ámbito protexido do xacemento Castro da Trinidade, GA27030022, alterando substancialmente o terreo e subsolo, sen que a dita intervención teña o amparo dunha autorización** desta Administración de protección do patrimonio cultural.

Ocupou tamén a dita explotación superficie do **territorio histórico do Camiño de Santiago do Norte** (ruta da Costa), segundo a delimitación declarada polo Decreto 158/2014, do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa (DOG 23.12.14), que ademais ten a condición de ben de interese cultural (artigo 75.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia. LPCG).

O xacemento castro da Trinidade aparece como ben catalogado no Plan Xeral de Ordenación Municipal dese Concello de Mondoñedo, pero xa anteriormente á aprobación do dito plan, con motivo da Declaración de efectos ambientais do Proxecto de Explotación da Canteira, polos órganos de protección do patrimonio cultural establecéranse límites para a salvagarda e protección do dito xacemento, límites que se incorporaran no seu día á Declaración de efectos ambientais (09.01.1997) devandita.

Na autorización que no seu día foi concedida á entidade titular da explotación e en calquera procedemento relacionado coa actividade da canteira, poden aparecer outros titulares anteriores ou intervinetes, como pode ser o caso das seguintes: [REDACTED], [REDACTED] e [REDACTED]. As denominacións iniciais baixo as que poden aparecer os **Proxectos de Explotación da Concesión** son “Trinidade” e “Virxe da Pena”. A zona afectada pola intervención realizada ou explotación da canteira abrangue superficie protexida e contorno protexido dos ditos bens protexidos **no termo municipal de Mondoñedo**.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano, Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal

galicia

Ao non estar amparadas as intervencións sinaladas por unha autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de acordo co esixido, entre outros, polo artigo 39 da LPCG, poden constituir unha ou varias infraccións en materia de protección do patrimonio cultural e abríronse estas dilixencias informativas VI-LC-036.18.

Dentro das finalidades a que serven as presentes dilixencias, segundo o disposto polo artigo 55 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común, e de acordo co disposto polos artigos 3 e 136.1 da LPCG, 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e 55 da Lei 7/1985, reguladoras das Bases de Réxime Local, **solicítase** dese Concello:

- Remita **informe** sobre **procedementos** que no seu caso tivera incoado ou tramitado ese concello na zona devandita no que respecta ao elemento protexido, e ás intervencións sinaladas, norma urbanística de protección, situación da obra no plano de clasificación e cualificación do solo segundo o planeamento municipal, identidade das persoas promotoras ou outros intervinetes, xunto coa documentación gráfica ou de calquera outro tipo que se estime pertinente.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

A subdirectora xeral de Protección do Patrimonio Cultural

Beatriz González Loroño

Asinado por: GONZALEZ LOROÑO, MARIA BEATRIZ
Cargo: Subdirectora Xeral
Data e hora: 18/10/2018 15:08:35

CVE: BAZNlJrER2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

**Sra. Alcadesa do Concello de Mondoñedo
Praza do Praza do Concello, 3, 27740 Mondoñedo**